



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

##### *Anuncio*

##### EDICTO

##### NOTIFICACION COLECTIVA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA DOS CONCELLOS DE BURELA e FOZ

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación dos Padróns do Imposto sobre Bens Inmobles de natureza urbana, correspondentes ao exercicio de 2019, dos concellos de BURELA e FOZ que delegaron competencias en materia de xestión tributaria e recaudatoria de conformidade co disposto no vixente artigo 7 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (rúa Tui, nº 5-baixo 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante a Presidencia, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 29 de maio de 2019.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 1357/2016, de data 01-7-2016, A DEPUTADA DELEGADA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA (En funcións), Mayra García Bermúdez.

R. 1553

##### *Anuncio*

##### ANUNCIO DE COBRANZA

##### -PRIMEIRO PRAZO DE ADEUDOS-DOMICILIACIÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA: CONCELLOS DE BURELA E FOZ

De conformidade co establecido no artigo 24 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, e as ordenanzas dos respectivos concellos comunicase, que, no período comprendido entre o 1 ao 10 de xuño de 2019 serán cargados nas contas bancarias dos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos do Imposto sobre Bens Inmobles de natureza Urbana, dos Concellos citados, o primeiro prazo que se corresponde co 50 % do total do recibo posto ao cobro, naqueles casos que cumpren cos requisitos establecidos.

A devolución deste primeiro cargo por parte de entidade financeira e, por causa non imputable a administración, implicará que o suxeito pasivo queda obrigado ao pagamento da totalidade do recibo antes de que remate o período voluntario de pagamento que se determine, quedando anulado o adeudo bancario a partir dese momento e demais beneficios relacionados.

Lugo, 29 de maio de 2019.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 1357/2016, de data 01-7-2016, A DEPUTADA DELEGADA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA (En funcións), Mayra García Bermúdez.

R. 1554

## CONCELLOS

### BOVEDA

#### Anuncio

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2018, por un prazo de quince días, durante os cales e oito máis os que se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.. Á súa vez, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concellodeboveda.sedelectronica.es>].

En Bóveda, a 24 de maio de 2019.- Alcalde-Presidente, José Manuel Arias López.

R. 1516

## A FONSAGRADA

#### Anuncio

### CONTA XERAL 2018

Unha vez formulada e rendida a conta xeral desta entidade local correspondente ó exercicio de 2018 expónse ó público, xunto cos documentos que a xustifican, na secretaria do concello durante o prazo de 15 días hábiles, a partir do seguinte día ó da inserción do presente anuncio no BOP, co obxecto de que poida ser examinada e formulada durante o devandito prazo e oito días seguintes, e admitiranse os reparos e observacións que se poidan formular por escrito, os cales deberán ser dirixidos á Alcaldía deste Concello, de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais.

A Fonsagrada, 22 de maio de 2019.-O Alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 1517

## MONDOÑEDO

#### Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada, o día 24 de maio de 2019, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

### **“CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA UNHA BRIGADA DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO**

*Vista a publicación no DOG da Orde do 17 de decembro de 2018 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 248, do 31 de decembro de 2018).*

*Vista a solicitude de subvención presentada por este concello en data 31/01/2019, ante a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, referente ao Fondo de Compensación Ambiental, subvención en réxime de concorrencia non competitiva a concellos, na que se solicitou unha Brigada de Protección e Mantemento de Espazos Naturais, composta por 6 peóns forestais a xornada completa, todos estes empregos contratados durante 3 meses.*

*Vista a Resolución de Concesión de Subvención, da Directora Xeral de Administración Local, de 24 de abril de 2019, na que se contempla unha Brigada de Protección e Mantemento de Espazos Naturais na que se pretende a contratación de 6 peóns forestais, a tempo completo, durante 3 meses.*

*Vista a urxente necesidade de realizar estas contratacións con fin de por en marcha, a devandita brigada, de modo e maneira que se permita a posibilidade de manter nun estado de conservación óptimo unha Ruta de Sendeirismo, que discorre por zonas con valores ambientais notables, así como realizar labores de desbroce, mantemento e limpeza de camiños, sendeiros, pistas de terra e áreas recreativas, de cara a poder contar no verán con estas zonas totalmente acondicionadas que contribúan a proporcionar unha oferta turística de calidade.*

*Vista a memoria da Alcaldesa que xustifica a necesidade inaprazable, urxencia, necesidade e prioridade de realizar un proceso selectivo, por concurso-oposición, de persoal laboral temporal para a contratación de 6*

*empregos a tempo completo de Peón Forestal para unha Brigada de Protección e Mantemento de Espazos Naturais.*

*Vista a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, Lei 7/2007, do 7 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, e demais disposicións aplicables, e tendo en conta que se considera servizo prioritario, en virtude de acordo plenario de data 26 de xaneiro de 2012, en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos membros presentes,*

**ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación para a realización dunha convocatoria para selección e posterior contratación de 6 peóns forestais a xornada completa para a Brigada de Protección e Mantemento de Espazos Naturais, mediante unha contratación de carácter laboral temporal a tempo completo, mediante un contrato de obra/servizo determinado por un período de tres meses, desde o momento da súa contratación, e que debe rematar antes do 31 de outubro de 2019, aclarando que as tres primeiras contratacións se levarán a cabo en canto finalice este proceso selectivo e as tres seguintes se realizarán desde finais de xullo ata finais de outubro, en función das necesidades do servizo .

**SEGUNDO.-** Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

**TERCEIRO.-** Realizar a convocatoria mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA UNHA BRIGADA DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO AO ABEIRO DA ORDE DO 17 DE DECEMBRO DE 2018 POLA QUE SE REGULAN OS CRITERIOS DE REPARTICIÓN E SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DA LIÑA EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2019.**

**PRIMEIRA.— OBXECTO**

Esta convocatoria e bases reguladoras, teñen por obxecto a selección e posterior contratación de carácter laboral temporal a tempo completo ao abeiro da Resolución de Concesión de Subvención, da Directora Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, de 24 de abril de 2019, de concesión dunha subvención, en réxime de concorrencia non competitiva a concellos, do Fondo de Compensación Ambiental, rexistro de entrada no concello 25 de abril de 2019, núm. 1359, de:

- Unha brigada de protección e mantemento de espazos naturais:

SEIS PEÓNS FORESTAIS a xornada completa

do Concello de Mondoñedo mediante o sistema de CONCURSO - OPOSICIÓN, por un período de tres meses desde o momento da súa contratación pero que debe rematar antes do 31 de outubro de 2019, aclarando que as tres primeiras contratacións se levarán a cabo en canto finalice este proceso selectivo e as tres seguintes se realizarán desde finais de xullo ata finais de outubro, en función das necesidades do servizo .

O ámbito de actuación da brigada de protección e mantemento de espazos naturais será o municipal, realizando tarefas de desbroce, mantemento, limpeza e prevención naqueles sendeiros, pistas de terra, áreas recreativas e rutas de sendeirismo que se localicen ou transcorran por zonas con valores ambientais para a súa utilización recreativa ou didáctica así como a protección e mantemento de espazos naturais, priorizando as rutas de sendeirismo que discorren por zonas con valores ambientais notables, especificadas na solicitude de subvención.

Salario bruto mensual que inclúe a parte proporcional da paga extraordinaria:

6 peóns a xornada completa 1.067,50 €/mes

**SEGUNDA.— NORMATIVA APLICABLE**

Ás probas selectivas, no non previsto nas presentes bases, resultará de aplicación o TREBEP. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente e que non se opoñan ao disposto no TREBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración do Estado.

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Demais disposicións aplicables.

#### TERCEIRA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1.- Con carácter xeral, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, na data en que remate o prazo de presentación de instancias para poder tomar parte nas probas de selección:

- a) Ser español ou nacional doutros estados nos termos do artigo 57 da Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión do título académico esixido, ou en disposición de obtelo, na data en que remate o prazo de presentación de instancias, neste caso: **Certificado de escolaridade**.
- f) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do emprego.
- g) Os aspirantes que padezan minusvalía deberán facelo constar expresamente na instancia.
- h) **O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, - CELGA 2 -, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e, no seu defecto, mediante proba escrita que se lle realizará ao aspirante.**

#### CUARTA.—SOLICITUDES

1.— As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida á Sra. Alcaldesa - Presidenta do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do emprego convocado ao que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

2.— O prazo de presentación de instancias será de **cinco días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día de prazo seña inhábil, este finalizará o vindeiro día hábil seguinte.

3.— As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo ou mediante algunha das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Cómpre que o concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, compulsada por ámbalas caras.
- Fotocopia compulsada da titulación académica esixida.
- Fotocopia compulsada do CELGA 2.
- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos). A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse.

#### QUINTA.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias a Alcaldesa ditará resolución comprensiva que conterá:

- A lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación, de ser o caso, do motivo de exclusión.

- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- A data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos, a proba práctica e de ser o caso, a proba de galego.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no taboleiro de anuncios do Concello.

2.- Durante os tres (3) días hábiles seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar a subsanación de erros e presentar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- As reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerárase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

#### **SEXTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR**

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados pola Sra. Alcaldesa - Presidenta mediante resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros atendendo á paridade entre home e muller:

- Presidente: Un empregado público, con voz e voto.
- Secretario: O da Corporación ou empregado público en quen delegue, con voz e sen voto.
- Vogais: tres empregados públicos, con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe a Sra. Alcaldesa, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre coa presenza do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada tribunal poderá dispoñela incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamente xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar ós membros do tribunal cando, ó seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ó artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **SÉTIMA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION**

O sistema de selección será o de **CONCURSO - OPOSICIÓN**.

A) **FASE DE CONCURSO**: que consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo:

**1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL**: Por servizos efectivamente prestados en empregos de similares características e funcións ao emprego que se opta:

- a) Na Administración Pública: 0,06 puntos/mes.
- b) Na empresa privada: 0,03 puntos/mes.

Non se computarán as fraccións inferiores a un mes. En todos os casos os meses consideraranse de 30 días naturais.

- no caso de traballador por conta allea: para acreditar a experiencia laboral presentaranse dous documentos:

- a) Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- b) Copia compulsada do contrato de traballo.

Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización, así como o xustificante de alta no imposto de actividades económicas ou certificado acreditativo de estar de alta no dito imposto. Contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

A puntuación máxima para o apartado de **experiencia profesional** é **3,50 puntos**.

## **2.- FORMACIÓN:**

**Cursos ou outra formación.-** Por cada curso, xornada, seminario, etc. directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais así como os cursos homologados que teñan informe favorable da Comisión da Formación Continua da Comunidade Autónoma de Galicia :

- Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.
- Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.
- Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.
- Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.
- Por cada curso de mais de 300 horas: 0,25 puntos.

No apartado de formación presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o tribunal poderá computaralos como pertencentes ao suposto de 10 ata 25 horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego ao que se opta, non serán puntuados.

A **puntuación máxima** para o apartado de **formación** é de **3,50 puntos**.

## **4.- POR DISPOR DO PERMISO DE CONDUCIR B:**

1 punto por o feito de posuír o permiso de condución B.

A **puntuación máxima** para o apartado de **dispor do permiso de condución B** é de **1,00 punto**.

De non presentarse a documentación acreditativa destes méritos ou se presentase outra diferente á aquí referida, a puntuación nestes apartados será cualificada como de 0 puntos.

Ningún mérito poderá puntuar en máis de un apartado.

**B) FASE DE OPOSICIÓN:** Consistirá na realización das seguintes probas: A Fase de Oposición consistirá na realización dunha ou máis probas prácticas. Ten carácter obrigatoria e eliminatoria para as/os aspirantes. Nela analizarase a capacidade funcional das/dos aspirantes para levar a cabo as funcións propias do posto de peón forestal do concello de Mondoñedo.

Cualificarase cunha puntuación de 0 a 12 puntos sendo necesario obter un mínimo de 6,00 puntos para poder superala proba.

Correspóndelle ao tribunal establecer o tempo máximo da proba ou probas a realizarse.

## **PROBA DE GALEGO:**

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 2, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia

de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

#### **OITAVA.— PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVAS**

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicando no taboleiro de anuncios a dita puntuación do proceso selectivo.

O Tribunal aprobará e propoñerá para a contratación aos candidatos que máis puntuación obtivesen do máximo posible, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

As seis primeiras persoas seleccionadas contarán cun contrato a xornada completa.

**Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que os/as seleccionados/as non asinen o contrato no prazo que se lle sinala ou renuncien ao emprego.**

Confeccionarase unha listaxe de reservas para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación.

#### **NOVENA.- ACHEGA DE DOCUMENTOS**

O/A aspirante proposto/-a presentará na Secretaría do Concello, nos tres (3) días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- a) Copia autenticada do DNI.
- b) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.

Se o aspirante proposto tivese a condición de discapacitado acreditará mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións do emprego.

- c) Fotocopia compulsada da titulación académica esixida.
- d) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- d) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas tódalas actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incurrir por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da lista.

#### **DÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior, o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o contrato laboral a favor das tres primeiras persoas con maior puntuación, propostas polo Tribunal no prazo máximo de dez (10) días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

As tres seguintes persoas con maior puntuación, debido a necesidades do servizo contrataranse desde finais de xullo ata finais de outubro respectando en todo caso o límite do prazo para a xustificación da subvención que financia estas contratacións que é o 31 de outubro de 2019.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.— RECURSOS**

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderá interpoñerse optativamente un dos seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto ou acordo.
- Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

xurisdição contencioso-administrativa, no prazo de DOUS (2) MESES contados dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei.

**DÉCIMO SEGUNDA.—NORMA FINAL**

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.



## ANEXO I (modelo de instancia)

D./D.<sup>a</sup>....., con  
DNI....., nado/-a .....(data nacemento), veciño/-a  
de....., con enderezo en.....  
..... teléfono.....,

## EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a cobertura do emprego de Peón da Brigada de Protección e Mantemento de Espazos Naturais, de conformidade coa convocatoria aprobada na Resolución da Alcaldía de 24 de maio de 2019.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego. Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:(relación de documentación esixida e de méritos alegados):

## Por tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

Mondoñedo,..... de ..... de 2019

(sinatura)

Mondoñedo, 24 de maio de 2019.- A alcaldesa, María Elena Candia López.

R. 1565

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada, o día 24 de maio de 2019, entre outros adoptou o seguinte acordo:

#### **“CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN EMPREGO DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE TÉCNICO EN INFORMACIÓN TURÍSTICA PARA O CONCELLO DE MONDOÑEDO**

Vista a solicitude realizada por este Concello en data 23 de xaneiro de 2019 ao abeiro da Resolución do 26 de decembro de 2018 da Axencia Turismo de Galicia, publicada no DOG núm. 15 de data 22 de xaneiro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

Vista a Resolución de Concesión de Subvención de 29 de abril de 2019, para a contratación de 1 persoa durante 3 meses, de 15 de xuño a 15 de setembro.

Vista a memoria da Alcaldesa e Concelleira de Turismo que xustifica a necesidade inaprazable, urxencia, excepcionalidade e prioridade de realizar este proceso selectivo.

Considerando a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do empregado público, e demais disposicións aplicables, e tendo en conta que se considera servizo prioritario, en virtude de acordo plenario de data 26 de xaneiro de 2012.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes adoptou o seguinte,

#### **ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar unha convocatoria para a selección e posterior contratación dun emprego de TECNICO EN INFORMACIÓN TURÍSTICO/A, coas titulacións de acceso indicadas no artigo 1 apartado 1 da Resolución do 26 de decembro de 2018 da Axencia Turismo de Galicia, mediante unha contratación de carácter laboral temporal a tempo completo, mediante un contrato por obra/servizo determinado, desde a data de contratación e ata o 15 de setembro.

**Segundo.-** Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

**Terceiro.-** Darlle publicidade a esta convocatoria a través da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do concello.

#### **BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN EMPREGO DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE TÉCNICO EN INFORMACIÓN TURÍSTICA PARA O CONCELLO DE MONDOÑEDO**

##### **PRIMEIRA.—OBJECTO**

Esta convocatoria ten por obxecto a selección e posterior contratación de carácter laboral temporal a tempo completo, mediante un contrato por obra/servizo determinado dun emprego de Técnico en Información Turística desde a data da contratación e ata o 15 de setembro, mediante o sistema de CONCURSO-OPOSICIÓN.

Baixo a coordinación da Alcaldesa-Presidenta ou Concelleiro en quen delegue, a persoa seleccionada desempeñará as súas funcións vinculadas á Oficina de Turismo do Concello de Mondoñedo.

*As retribucións estarán de acordo co establecido no apartado b do artigo 17 da Resolución do 26 de decembro de 2019* pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, publicada no DOG núm. 15 do 22 de xaneiro de 2019, **aboarasalles ás persoas contratadas os salarios que legal ou convencionalmente lles correspondan e sexan acordos á súa categoría profesional e titulación (1.264,29 €/mes brutos, inclúe a parte proporcional da paga extraordinaria e plus de transporte).**

##### **SEGUNDA.—NORMATIVA APLICABLE**

As probas selectivas, no non previsto nas presentes bases, resultará de aplicación o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, así como o disposto no artigo 61 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante

EBEP). Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente e que non se opoñan ao disposto no EBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común do Sector Público.
- Demais disposicións aplicables.

#### **TERCEIRA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

1. Con carácter xeral os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para poder tomar parte nas probas de selección:

a) Ser español ou nacional doutros estados nos termos do artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos.

d) Estar en posesión do título académico esixido nas bases xerais e específicas para ingresar no emprego de referencia na data en que remate o prazo de presentación de instancias, ou en disposición de obtelo, neste caso as esixidas pola Resolución do 26 de decembro de 2018, da Axencia Turismo de Galicia (DOG núm. 15, do 22 de xaneiro de 2019) artigo 1, apartado 1: **Técnico Superior en Información e Comercialización Turística ou Técnico Superior en Guía, Información e Asistencia Turística, Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou grao ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado ou ben contar coa habilitación de guía de turismo.**

e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións do emprego.

f) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Non atoparse incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente.

h) Os aspirantes que padezan minusvalía deberán facelo constar expresamente na instancia.

i) Os aspirantes deberán figurar como desempregado, ou demandante dunha mellora de emprego, no Servizo Público de Emprego de Galicia, tanto no momento da presentación da instancia, como no momento da súa contratación.

j) Posuír o certificado do Celga 3, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a calificación de apto na proba de galego que forma parte da fase de oposición.

#### **CUARTA.— SOLICITUDES**

1.- As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberán facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sra. Alcaldesa- Presidenta do Concello, na que manifestarán, ademais dos

datos persoais co enderezo, a denominación do emprego convocado ao que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

2.- Ao abeiro do artigo 1 da Resolución do 26 de decembro de 2018 da Axencia Turismo de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das subvencións, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, o persoal que se contrate deberá figurar como desempleado, ou demandante dunha mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Débase aclarar neste senso que co fin de que se cumpra claramente esta obriga, será imprescindible que os/as candidatos/as sexan persoas desempregados/as inscritos/as no momento en que presenten a instancia para participar no proceso, así como no momento de realizar a contratación, acreditandoo fidedignamente.

3.- O prazo de presentación de instancias é de **cinco días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día de prazo seña inhábil, este finalizará o vindeiro día hábil seguinte.

4.- As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo ou mediante algunha das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común do Sector Público, coa modificación introducida pola Lei 4/99, cómpre que o Concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, compulsada por ámbalas caras.
- Fotocopia compulsada da titulación académica esixida.
- Informe da Situación Administrativa emitido pola Oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia oportuna.
- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración neste concurso convocado (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos).

#### **QUINTA.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES**

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias, a Alcaldesa ditará resolución comprensiva que conterà:

- a lista provisional de admitidas/os e excluídas/os coa especificación do motivo de exclusión.
- a designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- a data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos e a proba de galego, de ser precisa.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no taboleiro de anuncios do Concello.

2.- Durante os dous días hábiles seguintes á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- As reclamación formuladas en prazo serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerárase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

#### **SEXTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR**

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados pola Sra. Alcaldesa - Presidenta mediante resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros atendendo á paridade entre home e muller:

Presidente: Un empregado público. Con voz e voto.

Secretaria: A da Corporación ou empregado público en quen delegue. Con voz e sen voto.

Vogais: tres empregados públicos. Con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe a Sra. Alcaldesa, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre a do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.

#### **SÉTIMA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION**

O sistema de selección será de **CONCURSO-OPOSICIÓN**.

##### **FASE DE CONCURSO: Valoración de Méritos**

A tal efecto o Tribunal reunirse para examinar e valorar a documentación presentada polos aspirantes e cualificar os méritos alegados, de acordo co baremo contido nas bases específicas, na Casa do Concello.

A cualificación dos méritos realizarase, sobre un máximo de **8 puntos**, de acordo co baremo seguinte:

##### **A) EXPERIENCIA PROFESIONAL.**

1º.- Por servizos efectivamente prestados en postos de idénticas e/ou similares características e funcións ao emprego que se opta e dependentes dunha Administración Pública: 0,15 puntos por cada mes completo de servizo. No caso de servizos prestados na empresa privada: 0,08 puntos por cada mes completo de servizo.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

- no caso de traballador por conta allea: para acreditar a experiencia laboral presentaranse dous documentos:

- a) Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- b) Copia compulsada do contrato de traballo.

Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Servizos, no caso de Administración ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- no caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización, así como o xustificante de alta no imposto de actividades económicas ou certificado acreditativo de estar de alta no dito imposto. Contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

A puntuación máxima que se pode acadar por experiencia profesional será de **4,5 puntos**.

##### **B) FORMACIÓN.**

A puntuación máxima para este apartado é de **3,5 puntos**.

- **Titulacións académicas complementarias.**- Por **posuír titulacións académicas distintas da esixida** para participar no proceso de selección. En todo caso, **estas titulacións deberán complementa-la mínima esixida para acceder á selección e estar directamente relacionadas coas funcións do emprego a desenvolver**, por quen resulte seleccionado:

Ciclo Medio de FP ou equivalente (FP I): 0,75 puntos cada unha.

Ciclo Superior de FP ou equivalente (FP II): 1,00 puntos cada unha.

Diplomado Universitario: 1,25 punto cada unha.

Licenciado Universitario: 1,50 puntos cada unha.

Título de grao: 1,50 puntos cada unha.

A xustificación deste, farase coa presentación de fotocopia e orixinal do título correspondente, fotocopia compulsada, ou co certificado acreditativo da súa obtención.

A puntuación máxima que se pode acadar neste subapartado será de **1,50 puntos**.

- **Cursos ou outra formación.**- Por cada curso, xornada, seminario etc. directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública,

Universidades, Inem, organizacións sindicais así como os cursos homologados que teñan informe favorable da Comisión da Formación Continua da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.
- Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.
- Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.
- Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.
- Por cada curso de máis de 300 horas: 0,25 puntos.

Neste subapartado presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o tribunal poderá computalos como pertencentes ao suposto de 10 ata 25 horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego, non serán puntuados.

A puntuación máxima que se pode acadar neste subapartado será de **2 puntos**.

#### **FASE DE OPOSICIÓN:**

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo Tribunal.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do órgano de selección e os colaboradores designados por este.

O tribunal, polos medios que considere oportunos, velará polo mantemento do anonimato dos aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos.

O procedemento selectivo consistirá na realización do seguinte exercicio:

- **Un único exercicio:** consistirá en contestar un cuestionario tipo test de corenta (40) preguntas e catro (4) de reserva, con catro (4) respostas alternativas das que só unha será válida, relacionadas cos temas indicados no anexo II destas bases. Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

Puntuarase de 0 a 12 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de seis (6) puntos para a súa superación. Cada resposta correcta puntuará 0,30 puntos, descontando 0,10 puntos por cada resposta errónea, e non se contabilizarán as preguntas non contestadas.

O exercicio terá unha duración de 80 minutos.

#### **PROBA DE GALEGO:**

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 3, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 3, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

#### **OITAVA.—PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVAS**

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na valoración de méritos, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicando no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo.

En caso de empate no baremo de méritos, o desempate realizarase tendo en conta en primeiro lugar a maior puntuación na fase de oposición. De persistir o empate, dirimirase a favor da maior puntuación en experiencia

na administración pública e en segundo lugar a experiencia na empresa privada. De continuar o empate, este dirimirase, tendo en conta o apartado de titulación académicas complementarias. Se aínda así persiste o empate este dirimirase con base nos cursos ou outra formación relacionada. De ser o caso, que continúe a persistencia do empate, este realizarase en base á discriminación positiva da muller fronte ao home, naquelas actividades onde as mulleres se atopen subrepresentadas, e por último se fose necesario, en base ao orde alfabético dos apelidos.

O Tribunal realizará unha proposta de resolución para o seu nomeamento ao candidato que máis puntuación obtivese, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o/a seleccionado/a non asine o contrato no prazo que se lle sinala ou ben renuncie ao emprego.

Confecionarase unha listaxe de reservas para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación.

#### **NOVENA.—APORTACIÓN DE DOCUMENTOS**

O/A aspirante proposto/a presentará na Secretaría do Concello, nos tres días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

a) Copia autenticada do DNI.

b) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.

Se o aspirante proposto tivese a condición de discapacitado acreditará mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións do emprego.

c) Informe da Situación Administrativa e/ou Certificado de períodos de inscrición, ambos documentos actualizados e emitidos pola Oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia oportuna, que acrediten que a persoa que se contratará atópase desempregada inscrita no SPE.

d) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

d) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas todas as actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incurrir por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da listaxe.

#### **DÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o contrato laboral a favor das persoas propostas polo Tribunal no prazo máximo de dez días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.— RECURSOS**

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderá interpoñerse optativamente un dos seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto ou acordo.
- Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.—NORMA FINAL.**

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

**ANEXO I (modelo de instancia)**

D./D.<sup>a</sup>....., con  
DNI....., nado/-a .....(data nacemento), veciño/-a  
de....., con enderezo en.....  
..... teléfono.....,

**EXPÓN:**

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para para cubrir a contratación temporal de 1 emprego de técnico de información turística, de conformidade coa convocatoria aprobada pola Resolución da alcaldía do 24 de maio de 2019.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego.

Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados: (relación de documentación esixida e de méritos alegados):

**Por tanto, SOLICITA:**

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

Mondoñedo,..... de ..... de 2019

(sinatura)



**ANEXO II****TEMARIO****MATERIAS COMÚNS**

Tema 1 - A Constitución Española de 1978: estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2 - Municipio. Concepto e elementos. O termo municipal. O empadramento.

Tema 3 - O Municipio. Competencias e organización. Órganos de goberno e administración do municipio.

Tema 4 - A Provincia. Organización provincial. Deputacións.

Tema 5 - Procedemento Administrativo. Os administrados: dereitos e deberes dos cidadáns na normativa do procedemento. Fases do procedemento administrativo común. O deber de resolver e notificar. Rexistros e arquivos. Sistema de revisión dos actos administrativos: recursos administrativos e revisión de oficio.

Tema 6 - A potestade regulamentaria das entidades locais. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación

Tema 7 - A Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**MATERIAS ESPECÍFICAS**

Tema 8.- Tipos de Oficinas de Información Turística.

Tema 9.- Actividades das Oficinas de Turismo

Tema 10.- Tipos de Atención ao Público

Tema 11.- Comunicación ao Público nos servizos de información turística.

Tema 12.- Soportes de difusión da información turística.

Tema 13 - Rueiro de Mondoñedo. Rúas e prazas da área urbana, Os Muíños e San Lázaro. Localizacións de monumentos en Mondoñedo.

Tema 14 - A Catedral de Mondoñedo.

Tema 15 - O Seminario de Mondoñedo.

Tema 16 - A Fonte Vella.

Tema 17 - O Convento da Concepción.

Tema 18 - O Camiño Norte de Santiago no tramo de Mondoñedo.

Tema 19 - A Cova do Rei Cintolo e as visitas guiadas que fai o concello nela.

Tema 20 - O barrio de Os Muíños. Monumentos e talleres artesáns.”

Mondoñedo, 24 de maio de 2019.- A alcaldesa, María Elena Candia López.

R. 1564

**NEGUEIRA DE MUÑIZ***Anuncio***CONTA XERAL 2018**

Unha vez formulada e rendida a conta xeral desta entidade local correspondente ó exercicio de 2018 expónse ó público, xunto cos documentos que a xustifican, na secretaria do concello durante o prazo de 15 días hábiles, a partir do seguinte día ó da inserción do presente anuncio no BOP, co obxecto de que poida ser examinada e formulada durante o devandito prazo e oito días seguintes, e admitiranse os reparos e observacións que se poidan formular por escrito, os cales deberán ser dirixidos á Alcaldía deste Concello, de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais.

Negueira de Muñiz, 22 de maio de 2019.- O Alcalde, Jose Manuel Braña Pereda.

R. 1518

## PARADELA

### *Anuncio*

APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 10/2019, SEGUNDO NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA A APLICACIÓN DO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO PARA INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES.

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o 22 de maio de 2019, o expediente de modificación de créditos nº 10/2019, segundo na modalidade de suplemento de crédito para a aplicación do superávit orzamentario para investimentos financeiramente sostibles, en cumprimento do que se dispón no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días contados dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, a modificación de crédito considerarase definitivamente aprobada, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Paradela, 23 de maio de 2019.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Mato Díaz.

R. 1519

## TRABADA

### *Anuncio*

#### INFORMACION PÚBLICA

Aprobado por Decreto da Alcaldía Nº 126 / 2019 do 29 de maio o padrón da Taxa polo servizo de subministro domiciliario de auga potable no que se inclúe o canon da auga ( 1º bimestre do ano 2019), se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

Recursos: Contra o acordo da aprobación do padrón se poderá interpor recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día inmediato seguinte ó do término do período de exposición ó público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Alcaldía do Concello de Trabada.

Contra a resolución expresa ou presenta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interperse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento ,cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública,Lei Xeral Tributaria,a a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm.Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa asixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Trabada, 29 de maio de 2019.- A Alcaldesa en funcións, Mayra Garcia Bermúdez.

R.1590

## O VALADOURO

### *Anuncio*

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XIMNASIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE O VALADOURO DO MES DE NOVEMBRO DE 2018.

Aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 10 de maio de 2019, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Ximnasio Municipal do Concello de O Valadouro, correspondente ao mes de novembro de 2018 polo importe total de 158,00€

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, a 22 de maio de 2019.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 1520

### *Anuncio*

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE ABRIL DE 2019.

Aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 10 de maio de 2019, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de abril de 2019 polo importe total de 5.094,33 €.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 22 de maio de 2019.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 1521

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA ASTURIAS. SALA SOCIAL OVIEDO

#### *Anuncio*

**DON JAIME ESTRADA RUIZ, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA ADSCRITO A LA SALA DE LO SOCIAL DEL TRIBUNAL SUPERIOR DE JUSTICIA DE ASTURIAS**

Hago saber: Que en el RECURSO DE SUPPLICACIÓN NÚM. 369/19 se ha dictado resolución, cuyos datos se hacen constar a continuación, de la que los interesados podrán tener conocimiento íntegro en la oficina judicial, contra la que podrá interponerse el recurso que a continuación se indica:

-RESOLUCIÓN: SENTENCIA DE FECHA 21 DE MAYO DE 2019

-RECURSO QUE CABE: CASACIÓN

-PLAZO PARA INTERPONERLO: DIEZ DÍAS HÁBILES

-PERSONA O ENTIDAD A QUIEN SE NOTIFICA: GLOBAL GANADERA S.L.

Se advierte al interesado que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina Judicial, salvo el supuesto de la comunicación que de las resoluciones que deban revestir la forma de auto o sentencia, o cuando se tratase de emplazamientos.

Dado en Oviedo, a 22 de Mayo de 2019.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1522

## XULGADO SO SOCIAL N.º 3 GIJÓN

#### *Anuncio*

D/Dª MARIA DEL PILAR PRIETO BLANCO, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 3 de GIJÓN, HAGO SABER:

Que en el procedimiento PO 2/19, de este Juzgado de lo Social, seguido contra ALLDECOR GALICIA S.L. , se ha dictado **la resolución cuyos datos se hacen constar a continuación, de la que los interesados podrán tener conocimiento íntegro en la oficina judicial, y contra la que cabe interponer el recurso que se indica.**

- **RESOLUCION:** DECRETO - CEDULA DE CITACION-
- **RECURSO:** REPOSICION EN EL PLAZO DE TRES DIAS
- **PERSONA/ENTIDAD A QUIEN SE NOTIFICA Y CITA:** ALLDECOR GALICIA S.L. -
- **FECHA CONCILIACION/JUICIO:** 11 DE SEPTIEMBRE DE 2019, CONCILIACION A LAS 9:50 HORAS; JUICIO 11:10 HORAS.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de **NOTIFICACION Y CITACION** a "ALLDECOR GALICIA S.L." , se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

GIJON, a doce de Abril de dos mil diecinueve.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACION DE JUSTICIA.**

R. 1523